



**CHEMA PAZ GAGO**

# **CORUÑA** *marabilla*

**UNHA CORUÑA  
AMABLE, SOSTIBLE  
E SAUDABLE**

**Vota**



**Alternativa  
dos Veciños**



Este folleto é un resumo do programa. Neste qr tes más propostas para A Coruña



**A Coruña debe cambiar  
de rumbo, cunha  
perspectiva  
innovadora e distinta á  
que puxeron en  
práctica os partidos  
políticos tradicionais.**

#### **Un coruñesismo contemporáneo**

O ideario de Alternativa dos Veciños é o **Municipalismo**: realizar unha xestión eficaz e eficiente como A Coruña merece e necesita con urxencia, tal como vimos facendo noutros Concellos gobernados desde hai anos por Alternativa.

Xunto a un **Coruñesismo aberto e ben entendido**, defendemos valores como a **ecoloxía**, o **feminismo**, a **integración** ou a **inclusión**.

A defensa do medioambiente é central no noso programa e, de feito, somos o **único partido Verde** que se presenta ás eleccións municipais 2023.



## **Espazos de calidad**

Os barrios deben deixar de ser guetos-dormitorio para converterse en lugares de convivencia, con equipamentos adecuados, un mobiliario urbano eficiente, funcional e esteticamente, e uns accesos cómodos que facilitarán a reactivación da actividade comercial.

## **Mellorar a seguridade**

Reforzaremos a seguridade con policía de barrio e políticas preventivas da delincuencia.

Compremetémonos reforzar os medios da Policía Local, actualizando as plantillas e mellorando o equipamento policial para afrontar os desafíos de seguridade cidadá e, particularmente, a lacra da violencia de xénero.

**Por uns servizos avanzados de hixiene urbana, limpeza viaria, mantementos de parques, xardíns, convertendo rúas e prazas en espazos públicos dos que sentirnos orgullosos.**

# **Os nosos barrios.**



## **Calidade residencial e vivenda**

A seguridade cidadá é outra das necesidades urxentes de barrios como Os Mallos - Sagrada Familia ou Montealto fronte a fenómenos como os narcopisos, a delincuencia ou as mafias de okupas. Para familias realmente necesitadas, temos que buscar solucións habitacionais de baixo custo.

En barrios céntricos como o Orzán ou Pescadería, debe solucionarse tamén o problema de ruídos e malestar xerados pola movida nocturna.

## **Coidar os lugares nos que vivimos**

É urgente mellorar a conexión entre os barrios exteriores e os centrais e as saídas da cidade. Ademais, é necesario reivindicar a memoria de cada un deles para fundamentar a súa progresiva transformación en espazos de alta calidade social e ambiental.



A comarca da Coruña necesítanos a todas e todos, vivamos onde vivamos. Alternativa dos Veciños sempre foi por diante na apostar comarcal. Xuntos podemos máis.

**Fronte a un núcleo urbano de 245.000 habitantes, unha área metropolitana de medio millón traerá grandes beneficios tanto aos concellos metropolitanos como á súa capital natural, A Coruña.**

É urgente a creación dunha Autoridade Única do Transporte Metropolitano da Coruña, solicitada polos concellos implicados, que planifique e xestione a mobilidade na área coruñesa.

## Somos potencia.

### **Novas infraestruturas**

Compartir servizos públicos como o transporte ou o tratamento de lixo e residuos, deseñar políticas comúns de mobilidade e accesibilidade ou captar fondos nacionais e europeos son outras vantaxes da constitución da Gran Área metropolitana coruñesa que Alternativa dos Veciños vén demandando desde hai décadas.



### **Máis actividade económica**

Necesitamos reindustrializar a cidade, tratando de captar industrias non contaminantes, start ups e compañías punteiras no ámbito da tecnoloxía, e defender e potenciar o tecido industrial existente.

### **Organizarnos mellor**

Todo o apoio institucional ao xa forte posicionamento téxtil, agroalimentario e tecnolóxico para posicionar a cidade a nivel mundial.

## **As persoas, sempre por diante**

Coma sempre, A Coruña debe ser unha cidade acolledora, na que se integren todos os ciudadáns con igualdade de dereitos e deberes, independentemente da súa idade, raza, opción sexual, relixión ou orixe. Todos debemos gozar duns programas sociais avanzados. Unha cidade multicultural capaz de integrar ás persoas emigrantes en plenas condicións de igualdade.



# **Somos persoas.**

## **Coruña, cidade coidadora**

Un completo plan de apoio á terceira idade, á dependencia e á xuventude, con especial atención ao benestar mental e emocional, así como ás necesidades materiais más básicas das persoas, tanto con fórmulas preventivas como na atención ao risco de exclusión social.

## **Vivir mellor**

Campañas de sensibilización e prevención en patoloxías de alta prevalencia (cancro, demencias, enfermedades cardiovasculares, etc..), fomentando hábitos saludables como factor preventivo.

## **O benestar animal**

Atencións específicas para os máis de 25.000 animais de compañía censados a través das entidades de defensa animal.

Unha completa acción de defensa e protección para esta cidadanía tan importante en sí mesma e para a vida de moitísimas persoas.

## **Máis e mellores empregos**

Todas e todos temos que comprometernos en mellorar as condicións do emprego. Un amplio abano de medidas como mellorar o **asesoramento** sobre emprego, novas **políticas activas** con obradoiros, etc, potenciar o **comercio local**, a hostelería e o turismo





## A cultura, o deporte, a vida

Un estilo de vida saudable e amable que queremos para toda a cidadanía. Toda a actividade artística, cultural e deportiva terá o seu reflexo nos Centros Cívicos, nos polideportivos e nas bibliotecas dos diferentes barrios, que serán potenciados como auténticos foros de convivencia e vida activa.

# Somos acción.

### Crear e impulsar

É inexplicable que non exista na actualidade unha Concellería de Cultura, síntoma de desinterese do actual Goberno municipal.

Propoñemos impulsar A Coruña, Cidade da Cultura, a Música e o Cinema, e A Coruña, Cidade da Moda e o Deseño, programas para gañar vitalidade e proxección cultural.

### Fomentar o turismo cultural

Desestacionalizar a oferta turística creando riqueza apoiada en grandes eventos deportivos, festivais e certames sobre cinema, músicas, ópera, artes escénicas, ou creación literaria, ao tempo que se enche a cidade de impulso cultural diverso e atractivo para toda a cidadanía.

### Intelixencia artificial e moda

Ser a capital da moda sostible e solidaria e procurar sinerxias entre os museos científicos, a Universidade da Coruña e as novas actividades derivadas da AESIA en torno aos mundos dixitais e novos media.

## **Peonalizacións con sentido**

O proceso de peonalización de boa parte da cidade é imparable, pero debe facerse sen precipitacións electoralistas, cunha **visión integral**, con criterio estético e racionalidade, evitando o illamento das persoas maiores ou con problemas de mobilidade e impedindo a ruína do comercio local e a hostalería.

## **Unha mobilidade de hoxendía**

As avenidas e rúas deben converterse grandes bulevares con sendas peonís verdes, arboleo autóctono, amplas beirarrúas, pavimentos de altas capacidades drenantes e espazos para o descanso.

## **O Porto**

A integración do Porto no tecido urbano é unha oportunidade histórica para abrir a cidade ao mar e gañar un espazo público de calidade para o benestar da cidadanía.

Evitando operacións especulativas, os peiraos de Batería e Calvo Sotelo deben ser destinados a equipamentos culturais de referencia, reconvertindo instalacións portuarias, como xa se fixo desde a iniciativa privada.

A posta en marcha dun aparcadoiro disuasorio gratuito, con lanzadeiras cara ao centro e cara aos barrios, permitirá reactivar a actividade comercial e turística da cidade.

## **Fachada interior da ría**

A Coruña merece un CHUAC de nova planta, de última xeración, e non un novo parcheo dun edificio vello e colapsado. Os terreos exteriores á Fábrica de Armas son moito más axeitados para a súa ubicación.

É urgente a rexeneración da franxa costeira desde Oza ata a Ponte da Pasaxe, hoxe moi deteriorada.

Promoveremos a construcción dun paseo marítimo ben integrado na paisaxe, con senda peonil verde e carril bici, que conectaría coas que se habilitarán na ampliación da Pasaxe.

## **Transporte marítimo**

Recuperar a conexión marítima entre a cidade, Santa Cristina e Santa Cruz con barcos de cero emisións.





1. José María Paz Gago  
2. Ana Belén Díaz Cortés  
3. Héctor Julio Prego Naya  
4. Bárbara Oliva Cadavieco  
5. Agustín Santiago Concheiro Riande  
6. María Eva Cañellas Fernández  
7. Alioune Badara Sow Niang  
8. María Esther Rey Oliveira  
9. Álvaro Lago Romón  
10. Lidya Suárez Barreiro  
11. Óscar Coira Prego  
12. Gema Castro Andrade

13. Eros Alejandro Riveiro Soutiño  
14. Marta López Lago  
15. Xosé Manuel Ucha Gómez  
16. María Rosa Suárez Ageitos  
17. Sergio Francisco Mosquera  
18. Covadonga Fernández Herrera  
19. Carlos Moreno Sánchez  
20. Julia Lema Barreira  
21. Daniel Vázquez Paredes  
22. María del Carmen Vidal Rodríguez

23. Javier Rivas Capelán  
24. María de los Milagros Vázquez Iglesias  
25. Omar Prego Martínez  
26. Brais Franqueira Vázquez  
27. María Paloma Díaz-Castroverde Benavente

#### **Suplentes**

28. Blanca Lesta Castelo  
29. Jorge Pablo Fernández Lesta



**Vota**



**Alternativa  
dos Veciños**